

## DOMINGO XXIX DEL TIEMPO ORDINARIO (C)

### PRIMEIRA LECTURA Ex 17, 8-13

Lectura do libro do Éxodo

Naqueles días, viñeron os amalecitas e atacaron Israel en Refidim. Moisés díxolle a Xosué: - "Escolle uns poucos homes e sae a loitar con Amalec. De mañá eu estarei no cume do outeiro, coa vara de Deus na man". Xosué fixo o que lle mandaba Moisés, e foi loitar con Amalec mentres Moisés, Aharón e Hur subían ó cume do outeiro. Cando Moisés erguía as mans, vencía Israel; cando as baixaba, vencía Amalec. As mans de Moisés estaban cansas, e eles colleron unha pedra e puxéronlla de asento, ó tempo que Aharón e Hur, un por cada lado, lle sostiñan as mans ergueitas. As mans de Moisés estiveron ergueitas ata a posta do sol. Xosué venceu a Amalec e á súa xente, a fío de espada.

### SALMO RESPONSORIAL Sal 120, 1-2. 3-4. 5-6. 7-8

R/. (cf. 2): O noso socorro vén do Señor, que fixo o ceo e maila terra.

Alzo os meus ollos cara ós montes:  
¿de onde virá o meu socorro?  
O meu socorro vén do Señor,  
que fixo o ceo e maila terra.

El non deixa que esvare o teu pé,  
o teu gardián non dorme;  
non dorme, non adormece,  
o gardián de Israel.

O Señor é o teu gardián,  
O Señor é o teu arrimo, está á túa dereita.  
Polo día o sol non che fará dano  
nin a lúa pola noite.

O Señor gárdate do mal,  
El garda a túa vida.  
O Señor garda a túa chegada e a túa saída,  
agora e por sempre.

**SEGUNDA LECTURA** 2 Tim 3, 14 -- 4, 2

Lectura da segunda carta do Apóstolo San Paulo a Timoteo

Benquerido irmán: Mantente no que aprendiches e no que criches, e que non che esqueza quen cho aprendeu. Porque xa desde neno coñéce-las letras santas, que son podentes para che ensina-lo camiño da salvación pola fe en Cristo Xesús.

Toda a Escritura está inspirada por Deus e é útil para ensinar, para corrixir, para emendar, para educar na xustiza. Dese xeito, o home de Deus tórnase idóneo para calquera obra boa. Pídoche diante de Deus e de Cristo Xesús, que ha vir xulgar a vivos e mortos, pola súa vinda gloriosa e polo seu reinado: pregoa a palabra, insiste teimudamente, corrixo, reprende, aconsella con moita paciencia e doutrina.

**EVANXEO** Lc 18, 1-8

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, Xesús propúxolles ós seus discípulos unha parábola acerca da necesidade de orar sempre, sen cansar: - Había nunha vila un xuíz que nin temía a Deus nin respectaba o home. Na mesma vila había tamén unha viúva, que acudía a el dicíndolle: "Faime xustiza fronte ó meu contrario". El, durante moito tempo, non lle fixo caso ningún; pero despois cavilou: "Anque non temo a Deus nin respecto o home, como esta viúva me está amolando, voulle facer xustiza, para que non me siga toleando toda a vida".

E o Señor continuou: - Escoitade o que di un xuíz inxusto. ¿E logo Deus non lles vai facer xustiza ós seus elixidos, que claman día e noite, e non vai ter paciencia con eles? Asegúrovos que lles fará xustiza a tempo. Pero cando chegue o Fillo do Home, ¿el atopará fe sobre a terra?